

**COMISIÓN ESTUDO DA FUNCIONARIZACIÓN DO PAS  
LABORAL DA UNIVERSIDADE DE VIGO**

**ACTA N°1**

<b>ASISTENTES</b>	<b>REPRESENTANTES SINDICAIS</b>
<b>UNIVERSIDADE DE VIGO</b>	
<b>Xerente:</b>	
Manuel Fernández Jauregui	
<b>Vicexerente de Recursos Humanos:</b>	
Emilio M. Martínez Rivas	
<b>Redacción de acta:</b>	
Rafael Ameneiro Bravo	

Comité de Empresa Ourense  
Rodrigo Alverte Pividra (CIG)  
José Manuel García Eirín (CIG)

Comité de Empresa Pontevedra  
Marcos Estévez Orge (CCOO)  
Manuel Marcos García (CCOO)  
Carlos Mollinedo Lois (CIG)  
Luciano Otero Camiña (CIG)  
Ángel Torreiro Varela (UGT)

Os representantes da Universidade e dos Comités de Empresa do PAS laboral indicados, previa a correspondente convocatoria, mantiveron unha reunión ás 09:30 horas do 6 de outubro de 2015, no Edificio da Xerencia, de acordo coa seguinte

**ORDE DO DÍA**

**1.- Lectura e aprobación da acta da reunión do 8 de setembro de 2015 entre a Xerencia e os Comités de Empresa do PAS laboral.**


Apróbase polos asistentes a acta da reunión de data 8 de setembro de 2015.

**2.- Constitución da Comisión de estudio da funcionarización de PAS laboral da Universidade de Vigo.**

Constitúese a comisión.

**3.- Discusión e, se procede, aprobación do procedemento de negociación e toma de acordos da comisión.**

Apróbase que as actas se asinen por cuadriplicado na seguinte reunión e se publiquen na web. Acórdase que a secretaría da comisión e a redacción de actas correspóndale ao secretario da Vicexerencia de Recursos Humanos.



# Universidade de Vigo

Angel Torreiro pregunta sobre a publicidade da información, sobre as actas e os seus anexos e o Vicexerente indica que o documento entregado pódese difundir.

Carlos Mollinedo maniféstase de acordo con que ese documento sexa público, pois o procedemento non afecta a postos de traballo directamente e remata nun proceso voluntario.

Acórdase que toda a documentación sexa pública agás que expresamente se decida o contrario.

O Vicexerente indica que a funcionarización deberá discutirse no seo dunha comisión tripartita entre a Universidade, os representantes do PAS laboral e do PAS funcionario. Deste xeito, hoxe podería aprobase o documento do punto nº 4, para na seguinte reunión falar xa de integración en grupos, escalas, subescalas, complementos específicos e de destino. A integración destes complementos será unha cuestión complicada, como o será integrar o complemento de xornada no específico.

Marcos Estévez sostén que sería preferible traballar ao máximo para adiantar traballo á comisión tripartita, e pregunta se esta será más reducida que a actual comisión.

Carlos Mollinedo expresa que esta comisión debe rematar o seu traballo cando se chegue a un acordo, mentres que a outra comisión debería constituírse cando proceda e coa composición que se acorde.

O Vicexerente coincide en que tanto máis se avance esta comisión más se facilitará o traballo á comisión tripartita; por outra parte, non se pensou na composición desta última.

## 4.- Discusión e aprobación, se procede, dos puntos básicos para un acordo de funcionarización.

Carlos Mollinedo sinala que hai persoal técnico medio que non pode ser integrado no grupo A2, senón que se integraría nun grupo B.

O Vicexerente considera que están cuestiós estás presentadas a nivel básico e que terán que seren acordadas; o procedemento será voluntario, simultáneo e para todos os colectivos, garantindo as condicións retributivas actuais para o persoal que non se funcioñarice.

Carlos Mollinedo sostén que habería que incluír a posibilidade de que para os grupos A2 e C1 se poida eximir da titulación ao persoal que non a teña ou non se lle requirira, coma no caso dos técnicos medios TIC, que non poden incluirse no grupo A2 e si no B, sempre no caso de que se acredeite suficiente experiencia na categoría, nos termos que as partes acorden.

Angel Torreiro opina que estes puntos son un marco e que logo poden concretarse.

O Vicexerente expón que se estudarán os casos concretos, coa antigüidade que se determine, indicando que se pode incluir a expresión "ou, se é o caso, a antigüidade que se determine na categoría". Acórdase entre as partes a inclusión desta expresión.

Angel Torreiro propón reelaborar o documento e asinalo polas partes.

Logo de refacer o documento entregado o 8 de setembro co acordado na reunión de hoxe relativo ao subgrupo B do PAS funcionario e á antigüidade que se determine por acordo na negociación, se aproba o *Acordo sobre puntos básicos para un acordo de funcionarización do PAS laboral*, que se xunta como Anexo á presente acta e se asina polas partes.

Acórdase que se publique este acordo, con independencia de que a acta da reunión de hoxe non se asine ata a vindeira reunión.

Acórdase celebrar a seguinte reunión o mércores 4 de novembro.

Sen máis asuntos que tratar, remata a reunión ás 10:50 horas.